

El Progreso

Galiciae

RIBADEO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega entrega un premio ao colectivo Francisco Lanza

Etiquetas: Francisco Lanza, colectivo, premio, Lingua Galega, Escritores, asociación

El Progreso (Ribadeo). A agrupación cultural ribadense Francisco Lanza vén de recoller o pasado sábado o premio 'Institucións' que entrega a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Este galardón , de nova creación, foi outorgado ao longo da Gala das Letras que celebrou a asociación na Coruña este último fin de semana. O obxecto deste premio é o de destacar a aqueles colectivos que contribuísen coa divulgación da lingua e a cultura galega. A Asociación de Escritores en Lingua Galega decidiu que o galardón fose parar a mans de todos aquelas agrupacións que, nadas nas décadas dos 60 e 70, aínda manteñen viva esa actividade cultural.

En total foron dez os colectivos premiados de toda Galicia, sendo Francisco Lanza o único representante da comarca e un dos dous da provincia de Lugo xunto co Club Cultural Valle Inclán. En representación da asociación Francisco Lanza recolleron o premio a súa presidenta, Doures Fernández Abel, e a tesoureira Alicia Sarmiento.

07/05/2013